



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 16 DE DECEMBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

SEGREGACIÓN.-

LIC/1171/2019.- MANUEL DE LA FUENTE FERNANDEZ.- Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a segregación da parcela sita no lugar de Cañoteira de Marrozos, 18.

1.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para a segregación da parcela sita no lugar de Cañoteira de Marrozos, 18. LIC/1171/2019. Concédese a licenza.

2.- Xustificación de diversos convenios. Apróbanse as xustificacións dos convenios subscritos con: Correlingua (2.500 €), Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais (3.500 €), Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia – Acadar (3.000 €), Fundación Andrea de Apoio aos nenos con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais (3.000 €), Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela (6.736,55 €), Asociación de Loita contra Enfermidades do Ril da Coruña – Alcer (4.000 €), Asociación Itínera (4.852,33 €), Fundación USC Deportiva (9.000 €), Federación Galega de Atletismo (10.500 €), Federación Española de Loitas Olímpicas e D.A (10.500 €), Fundación Down Compostela (10.000 €), Plataforma polo Emprego do Foro de Inmigración (12.000 €), Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela – Programa Vagalume (29.993,20 €), Universidade de Santiago – Oficina de Igualdade de Xénero (11.000 €), Confederación Galega de Persoas con Discapacidade – Cogami (15.000 €) e Cámara de Comercio de Santiago (30.000 €)

3.- Xustificación das subvencións concedidas mediante convocatoria en concorrencia competitiva para as asociacións veciñais sen ánimo de lucro. Ano 2019. Apróbanse as xustificacións das subvencións concedidas a 38 asociacións veciñais, por un importe total de 86.280,01 euros.

4.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse os expedientes, recoñecendo as débedas e as correspondentes indemnizacións substitutivas: 8.258,89 €, polo mantemento de sistemas de seguridade en edificios e instalacións municipais no período xullo-outubro; 3.895,17 €, polo mantemento de ascensores en edificios e instalacións municipais no período xaneiro-novembro de 2019; 11.462,60 €, pola subministración de gas e gasóleo en edificios e instalacións municipais no período abril-novembro; 2.822,36 €, polo mantemento de copiadoras instaladas en edificios e instalacións municipais no período xuño-novembro; 54.532,05 €, polos traballos realizados para reforma no alumeadado público en varios lugares da cidade; pola substitución de luminarias en diversos accesos de incorporación a vieiros principais, por 20.709,25 €; 423,50 €, pola substitución da rede de fontanería do Estadio Municipal de San Lázaro; 495,04 €, polo servizo de abastecemento de auga no CIAC na anualidade 2018; e 3.387,50 €, pola subministración de gas e gasóleo en edificios e instalacións municipais no período xullo-novembro.

5.- Convalidación de gastos correspondentes a contratos menores. Valídanse os gastos correspondentes a tres facturas: unha de 2.119,92 € por servizo de informática soporte HP; unha de 7.426,38 €, polo servizo de mantemento select das aplicacións de cartografía das aplicacións Microstation e PowerMap; e outra de 18.209,25 €, por gastos de servizos e subministracións.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación do orzamento e da actuación de prevención de riscos á seguridade viaria polo estado do muro e noiro da rúa Divina Pastora. Apróbase a actuación e o orzamento, por un importe de 3.133,90 euros.

7.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación das Bases dos Premios Santiago Deporte 2019. Apróbanse as bases dos devanditos Premios, cuxa gala de entrega se celebrará no primeiro trimestre de 2020. Establécense as seguintes categorías: deportista feminina categoría base, deportista masculino categoría base, deportista feminina, deportista masculino, entidade deportiva máis destacada, adestrador/a máis destacado/a, árbitro/a xuíz/a máis destacado/a, patrocinio deportivo, actividade ou acción social, deporte adaptado, entidade educativa e honorífico á traxectoria deportiva. As propostas poderán presentarse dende o día seguinte da publicación das bases ata as 14:00 horas do 30 de decembro de 2019.

8.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a asociación deportiva HERMES para o desenvolvemento do IX CAMPUS VERO BOQUETE. Dáse conta da sinatura do devandito convenio, por importe de 8.500 euros.

URXENCIAS

1.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa a liberación de crédito no contrato para a prestación de servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arborado urbano. Acórdase deixar sen efecto unha reserva de crédito de 43.670,88 euros para responder das obrigas do devandito contrato anual, a causa da detracción da superficie correspondente ao Campus Sur, procedéndose á anulación do crédito comprometido.

2.- Certificación de obras. Certifícanse obras correspondentes á ampliación do patio e dotación de parque infantil no CEIP Quiroga Palacios, da mellora da accesibilidade na rúa Bispo Diego Peláez; do itinerario peonil seguro para a interconexión de centros do CEIP das Fontiñas; e da reurbanización da rúa das Cancelas na contorna da subestación eléctrica.

3.- Recoñecemento extraxudicial de crédito. Apróbase un expediente, recoñecendo a débeda e a correspondente indemnización substitutiva por importe de 7.960,92 euros, pola prestación do servizo de expedición de tarxetas bonobús para pensionistas no período de outubro de 2018 a setembro de 2019.